



Guía Docente

Datos Identificativos					2016/17
Asignatura (*)	Técnicas de recollida e análise da información		Código	652G03026	
Titulación	Grao en Educación Social				
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Grao	1º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6	
Idioma	CastelánGalego				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Filosofía e Métodos de Investigación en Educación				
Coordinación	Arias Rodriguez, Maria Alicia	Correo electrónico	alicia.arias.rodriguez@udc.es		
Profesorado	Arias Rodriguez, Maria Alicia	Correo electrónico	alicia.arias.rodriguez@udc.es		
Web	http://www.udc.es/fymide				
Descrición xeral	<p>A realidade socio-educativa do educador social é complexa, diversa e difícil de analizar, describir e interpretar, por iso é necesario, que ao longo da súa formación académica, adquira unha serie de competencias que lle permitan desenvolver a súa posterior actividade profesional. Por tal circunstancia, a aprendizaxe e aplicación de diversas metodoloxías de investigación, que se planifican nesta materia, permitirá nun futuro ao educador social seleccionar a máis adecuada para solucionar os problemas que se encontrará no seu próximo ámbito laboral. Sen esquecer que o educador social dentro do seu ámbito laboral terá que investigar para poder achegar posibles solucións que melloren o contexto no que se desenvolva a súa actividade laboral.</p> <p>A diversidade de concepcións epistemolóxicas aplicables ás distintas situacións sociais será fonte de información para o investigador social, permitiéndolle determinar cal é a máis adecuada para solucionar o problema ao que se enfrenta. Non se pretende establecer unha prelación ou unha orde de importancia entre os variados modos de investigación, senón que é o problema de investigación o que determinará a elección dunha metodoloxía ou outra, facendo dela a máis válida para este tipo de problema.</p> <p>O desenvolvemento da investigación pretende, ademais de solucionar problemas existentes no contexto social, ser fonte de información e formación para os profesionais encargados de desenvolver a súa actividade neste campo de traballo, permitiéndolles intervir con máis garantías de calidade e, sobre todo, ser capaces de anticiparse aos problemas e as necesidades do ámbito.</p>				

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
A5	Identificar e analizar os factores contextuais que afectan os procesos de intervención socioeducativa.
A6	Seleccionar diferentes métodos e técnicas para a planificación e avaliación de programas e servizos.
A13	Deseñar e levar a cabo proxectos de investigación elementais aplicables aos diferentes campos de intervención.
A19	Asesorar e supervisar programas, planos, proxectos e centros socioeducativos.
A21	Deseñar e implementar procesos de avaliación de programas e estratexias de intervención socioeducativa en diversos contextos.
B1	Elaborar, analizar, sintetizar, valorar e transmitir criticamente a información.
B2	Redactar e presentar informes técnicos, memorias, regulamentos ou calquera outro documento básico que contribúa a regular a acción socioeducativa.
B5	Capacidade de mostrar actitudes coherentes coas concepcións éticas e deontolóxicas propias da profesión.
B6	Adquirir e dominar habilidades comunicativas que permitan transmitir información, ideas e propostas a diversas audiencias.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.



C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben afrontarse.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Coñecer as principais técnicas de recollida da información nos procesos de intervención socioeducativa.	A5 A6 A13 A21	B1	C1 C4 C6
Deseñar instrumentos de recollida de información de procesos de intervención socioeducativo aplicando diferentes técnicas.	A5 A6 A13 A21	B1 B2	C1 C4 C6
Planificar recollidas e análises da información de procesos de intervención socioeducativos.	A5 A6 A13 A19 A21	B1 B2	C6 C8
Realizar a recollida da información pertinente dun proceso de intervención socioeducativo		B1 B2 B5 B6	C1 C6
Coñecer as principais técnicas de análise da información nos procesos de intervención socioeducativos	A6 A13	B1	C3 C6 C8
Analizar a información recollida nos procesos de intervención socioeducativos, empregando as técnicas de análise adecuadas.	A5 A6 A13 A19	B1 B2	C3

Contidos	
Temas	Subtemas
INTRODUCCIÓN.	1. Determinación conceptual 2. Selección da mostra 2.1 Selección da mostra no enfoque cuantitativo 2.2. Selección da mostra no enfoque cualitativo
I. TÉCNICAS DE RECOLLEITA DA INFORMACIÓN	1. Instrumentos de recolleita da información cuantitativos 1.1. Escalas 1.2. Cuestionario 2. Instrumentos de recolleita da información cualitativos 2.1. Observación 2.2. Entrevistas 2.3. Grupos de discusión



II. TÉCNICAS DE ANÁLISES DA INFORMACIÓN	1. Análise de datos categóricos ou nominales. 1.1 Teoría da probabilidade 1.2. Táboas de contingencia 1.3. Inferencia 1.4. Coeficiente chi-cadrado 2. Análise de datos ordinales 2.1. Comparación entre grupos nunha variable ordinal 2.2. Relación e comparación entre variables ordinales 3. Análise de datos métricos
---	--

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A5 B1 C4 C6 C8	10	15	25
Prácticas a través de TIC	A6 C3	10	10	20
Saídas de campo	A6 A13 A21	0	5	5
Solución de problemas	A19 B2	10	15	25
Análise de fontes documentais	B1	0	15	15
Obradoiro	B5 B6 C1	10	15	25
Aprendizaxe colaborativa	A6 A13 A19 A21 B1 B2 C1 C3	0	13	13
Proba mixta	A5 A6 A13 A19 A21 B1 B2 B5 B6 C1 C3 C4 C6 C8	2	10	12
Atención personalizada		10	0	10

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Presentación e explicación conceptual da materia a partires de esquemas
Prácticas a través de TIC	Análise da información informatizada. Emprego de programas informáticos
Saídas de campo	Recollida de información
Solución de problemas	análise e resolución de supostos prácticos.
Análise de fontes documentais	Indagación e estudio de información documental.
Obradoiro	Desenvolvemento de tarefas prácticas de recollida e análise da información.
Aprendizaxe colaborativa	traballo en pequeno grupo de determinadas prácticas.
Proba mixta	Proba final avaliativa da materia

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Solución de problemas Prácticas a través de TIC Proba mixta Saídas de campo Sesión maxistral Obradoiro Aprendizaxe colaborativa	<p>Na atención personalizada o profesor resolverá as dúbidas que teña o alumno sobre os diferentes temas a traballar na materia. Pero ademais calquera dúbida que poida xurdir para a solución de problemas, nas lecturas, no obradoiro, na aprendizaxe colaboradora, a análise de fontes documentais como na discusión dirixida. Durante estas sesións, realizarase un seguimento do traballo do alumno, supervisando e orientando máis directamente o proceso a seguir en cada unha das actividades realizadas.</p> <p>Esta atención personalizada realizarase no despacho do profesorado (P1A18) no horario de tutorías. Este horario está colgado no taboleiro que está no despacho do profesor, na páxina web do departamento de Filosofía e Métodos de Investigación en Educación como da Facultade de Ciencias da Educación.</p> <p>A ATENCIÓN PERSONALIZADA REALIZARASE CARA A CARA ENTRE O ALUMNO E PROFESOR POLO QUE A ATENCIÓN VIRTUAL NON FORMA PARTE NIN SE REALIZARÁ NESTA MATERIA. O CORREO ELECTRÓNICO DO PROFESOR NON SE DEBE UTILIZAR COMO: ELEMENTO PARA SOLICITAR CITA NIN PARA REALIZAR CONSULTAS.</p>
---	---

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Solución de problemas	A19 B2	Xustificación e adecuación da proceso e resolución.	5
Prácticas a través de TIC	A6 C3	Realización adecuada das tarefas	5
Proba mixta	A5 A6 A13 A19 A21 B1 B2 B5 B6 C1 C3 C4 C6 C8	Respostas correctas e xustificadas ás preguntas ou problemas prantexados	75
Saídas de campo	A6 A13 A21	Realización adecuada da tarefa (recollida de información)	5
Obradoiro	B5 B6 C1	Realización adecuada das tarefas	5
Aprendizaxe colaborativa	A6 A13 A19 A21 B1 B2 C1 C3	Grao de participación nas actividades de grupo	5

Observacións avaliación
<p>Consideracións:</p> <p>As metodoloxías: Solución de problemas, Prácticas a través de TIC, Saídas de campo, Obradoiro e Aprendizaxe colaborativa computan conxuntamente un 30% da nota final en función das prácticas realizadas. É NECESARIO acadar nestes traballos un mínimo do 40% da súa puntuación.</p> <p>A proba final (proba mixta) ten un peso do 70% da nota final. Consistirá en dúas partes: unha primeira, (proba obxectiva) e a segunda, práctica. É NECESARIO aprobar ambas partes para que se supere a materia.</p>

Fontes de información



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- ALVIRA, F. (2011). La encuesta: una perspectiva general metodológica. Madrid: CIS (Cuadernos Metodológicos, 35)- AZOFRA, M.J. (1999). Cuestionarios. Madrid: CIS (Cuadernos Metodológicos, 26)- ETXEBERRIA, J. y TEJEDOR, F.J. (2005). Análisis descriptivo de datos en educación. Madrid: La Muralla- GRIMA, P. (2010). La certeza absoluta y otras ficciones. Los secretos de la estadística. Barcelona: RBA Libros- MARTÍNEZ MEDIANO, C. (Coord.) (2004). Técnicas e instrumentos de recogida y análisis de datos. Madrid: UNED- RUBIO, MJ y VARAS, J. (2011). El análisis de la realidad en la intervención social. Madrid: CCS- TEJEDOR, F.J. y ETXEBERRIA, J. (2006). Análisis inferencial de datos en educación. Madrid: La Muralla- VISAUTA, B. (1989). Técnicas de investigación Social. Barcelona: PPU- VALLES, M. S. (2002). Entrevistas cualitativas. Madrid: CIS (Cuadernos Metodológicos, 32)
Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none">- BRIONES, G. (2003). Métodos y técnicas de investigación para las Ciencias Sociales . México: Trillas, 4a.- DE KETELE, J.M. y ROEGIERS, X. (1995). Metodología para la recogida de información. Madrid: La Muralla- ESCUDERO PÉREZ, J. (2004). Análisis de la realidad local. Madrid: Narcea- CORBETTA, P. (2003). Metodología y Técnicas de Investigación Social. Madrid: McGraw-Hill

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Métodos de investigación/652G03019

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Métodos de avaliación de programas/652G03023

Avaliación e diagnóstico de necesidades socioeducativas/652G03039

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías